

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025025	CEIP San Francisco Javier	A Coruña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	2º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

## 1. Introducción

A presente PD (Programación Didáctica) está enmarcada no Decreto 155/2022, do 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organizábase arredor de dous eixes respectivamente:

- Percepción e análise
- Creación e interpretación

Neste centro, dado o contexto do alto número de alumnado procedente doutras rexións e doutros países, e, en moitas ocasións, de incorporación tardía, tanto nun eixe coma no outro farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas musicais e da danza do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, con especial relevancia daquelas procedentes das rexións e/ou países do alumnado inmigrante, de sorte que esta materia exerza de axente solidario e cohesionador social. Cada unha das catro UD (Unidades Didácticas) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle o alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Ao mesmo tempo, coa finalización deste 2º nivel remata tamén o 1º ciclo de primaria. Así pois, búscase que o alumnado continúe o afianzamento dos contidos traballados no curso anterior, especialmente no 1º trimestre, por unha banda, e que experimente unha progresión destes e comece a adquisición doutros novos, por outra.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais como colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Ao meu ritmo	Contidos de finais do primeiro curso e contidos de comezo de segundo curso.	25	10	X		
2	Notas sen fin	Tratamento íntegro de contidos de aprendizaxe propios do segundo curso.	25	10		X	
3	O tempo que me das	Desenvolvemento dos contidos de aprendizaxe propios do segundo curso.	25	10		X	X
4	Coa miña máxima expresión	Aplicación dos contidos tratados desenvolvendo ao máximo as destrezas traballadas.	25	5			X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

UD	Título da UD	Duración
1	Ao meu ritmo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre algunha proposta artística musical de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe algún elemento de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas,		
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Desenvolve capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación dalgún elemento fundamental da música e da linguaxe musical.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa de forma guiada algunha idea, sentimento e emoción a través de manifestacións musicais sinxelas.		
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Desenvolve a utilización dalgún elemento fundamental da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.</li> <li>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.</li> <li>- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.</li> <li>- Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.</li> </ul>

**Contidos**

- Linguaxes musicais básicas: progreso no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos máis elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.

UD	Título da UD	Duración
2	Notas sen fin	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre algunha proposta artística musical de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	TI	100
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe algún elemento de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas,		
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Desenvolve capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación dalgún elemento fundamental da música e da linguaxe musical.		
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Desenvolve a capacidade de procura de información sobre algunha manifestación cultural e artística musical, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual ou colaborativa.		
CA1.5 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Desenvolve a capacidade de identificación do significado dalgunha manifestación cultural e artística musical que forma parte do patrimonio de diversas contornas.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce parte dalgunha obra propia de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa de forma guiada algunha idea, sentimento e emoción a través de manifestacións musicais sinxelas.		
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Desenvolve a utilización dalgún elemento fundamental da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa de maneira guiada no deseño de parte dalgunha produción musical elemental, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.		
CA2.5 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Toma parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas,.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte as experiencias creativas musicais.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical.</li> <li>- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.</li> <li>- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Recursos dixitais básicos para música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Linguaxes musicais básicas: progreso no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos máis elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación básicas.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	O tempo que me das	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.	TI	100
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe algún elemento de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas.		
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Asocia o son dalgúns instrumentos e/ou voces ao debuxo correspondente. Realiza ditados de 6 pulsos: rítmicos (negra, silencio de negra e dobre corchea) e melódicos (mi e sol).		
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Desenvolve a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais.		
CA1.5 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Desenvolve a capacidade de identificación do significado de dalgunha manifestación cultural e artística musical que forman parte do patrimonio de diversas contornas.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce algunha ou parte dalgunha obra propia de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe ou os medios dixitais básicos.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa de forma guiada algunha idea, sentimento e emoción a través de manifestacións musicais sinxelas.		
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Desenvolve a utilización dalgún elemento fundamental da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa de maneira guiada no deseño dalgunha produción musical elemental, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.		
CA2.5 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Toma parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte algunha experiencia creativa musical.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, incluíndo as principais profesións vinculadas ás artes escénicas e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describe algún elemento de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Desenvolve a capacidade de procura dalgunha información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual ou colaborativa.		
CA3.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Desenvolve a capacidade de identificación do significado dalgunha manifestación cultural e artística escénica e performativa que forman parte do patrimonio de diversas contornas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce algunha ou parte dalgunha obra propia de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa de forma guiada algunha idea, sentimento e emoción a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa de maneira guiada no deseño dalgunha produción escénica e performativa elemental, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Toma parte no proceso cooperativo de creación dalgunha produción cultural e artística escénica e performativa.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte algunha experiencia creativa.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical.</li> <li>- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.</li> <li>- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> </ul>

## Contidos

- Vocabulario específico básico de música.
- Recursos dixitais básicos para música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.
- Linguaxes musicais básicas: progreso no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos máis elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación básicas.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais básicos para as artes escénicas e performativas.
- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos.
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expresión e diversi
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
4	Coa miña máxima expresión	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descubre algunha proposta artística musical de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.	TI	100
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe algún elemento de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas.		
CA1.3 - Desenvolver capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición e representación de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Desenvolve capacidades de recoñecemento visual e auditivo, clasificación, descrición ou representación dalgún elemento fundamental da música e da linguaxe musical.		
CA2.3 - Desenvolver a utilización de elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Desenvolve a utilización dalgún elemento fundamental da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descubre algunha proposta artística escénica e performativa de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, incluíndo as principais profesións vinculadas ás artes escénicas e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describe algún elemento de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Desenvolve a capacidade de procura de información sobre algunha manifestación cultural e artística escénica e performativa.		
CA3.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Desenvolve a capacidade de identificación do significado dalgunha manifestación cultura e artística escénica e performativa que forman parte do patrimonio de diversas contornas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce algunha ou parte dalgunha obra propia de maneira guiada.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa de maneira guiada no deseño dalgunha produción escénica e performativa elemental, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Toma parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte algunha experiencia creativa.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creado-res locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Recursos dixitais básicos para música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.</li> </ul>

## Contidos

- Linguaxes musicais básicas: progreso no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos máis elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais básicos para as artes escénicas e performativas.
- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos.
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expresión e diversi
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Parto do desenvolvemento do alumnado, o que implica ter en conta non só as súas capacidades motrices, senón tamén os coñecementos e habilidades previas que as alumnas e os alumnos construíron con anterioridade. En base a isto, organizo os obxectivos, contidos, competencias e actividades, así serán adaptadas ao alumnado para o que van destinados. Para elo, respecto as súas individualidades de traballo e descanso (Piaget, J.) e levo a cabo una atención individualizada, derivando nun vínculo de confianza e actividade autónoma, o que lles axudará a mellorar a seguridade en si mesmos. Favorezo a aprendizaxe autónoma, de maneira que as alumnas e alumnos podan realizar aprendizaxes significativas por si sós, desenvolvendo así a Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA). Emprego o xogo como característica fundamental nas actividades, favorecendo sensacións gratificantes e estimulantes, condición indispensable para construír as aprendizaxes e elevar a motivación do alumnado. Parto de centros de interese, tendo presente os gustos e necesidades das nenas e nenos en todo momento (xogos, gustos musicais, música do seu entorno, o folclore). Intento crear un ambiente de seguridade e confianza para favorecer a interacción e para facilitar a colaboración das familias, que teñen un papel fundamental e imprescindible no proceso educativo. Estas accións, redundarán no progreso educativo. Polo tanto, se algunha nai ou pai desexa contactar comigo para obter información específica da materia, ou concertar unha cita de titoría, poderá facelo a través do formulario do blog de aula ([www.musicavitaminica.blogspot.com](http://www.musicavitaminica.blogspot.com)). Asimesmo, o alumnado que se ausente a algunha sesión ten como referencia para o seguimento dos contidos tratados o blog de aula na pestana do curso correspondente, o cal debe ser de seguimento habitual.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Blog de aula
Partituras dixitais e/ou papel
Instrumentos de pequena percusión
Instrumentos Orff
Material de escrita (lapis, goma, rotulador de pizarra)
Material manipulativo
Material de psicomotricidade
Material de xogo e exploración
Ordenador e altofalantes
Panel dixital interactivo

Empregarase en función dos contidos a tratar nas diferentes actividades.

O alumnado que non teña dispoñibilidade de traballo na casa con dispositivos dixitais, deberá indicalo para facilitarlle o material en formato papel para repaso, así como para quen contando con estes dispositivos prefira estudar polo material impreso.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo como coñecemento por parte da docente do nivel no que se atopan os discentes e dos coñecementos previos que posúen en relación á materia. Partimos dun punto para avanzar co grupo-aula. A partires da avaliación inicial pódense detectar, ademais, certas dificultades ou necesidades do alumnado, a ter en conta para ofrecer unha mellor atención no traballo para cada caso. Partimos do punto no que está cada alumna e alumno para avanzar no seu desenvolvemento individual.

As probas de avaliación inicial en Música e Danza confórmanas as:

. Probas orais prácticas: execución de ritmos en imitación, improvisación libre. Lecturas rítmicas e de notas con partitura.

. Probas teóricas: de conceptos e vocabulario musical, comentario de partituras sinxelas, tipos de músicas, instrumentos e demais contidos teóricos correspondentes ao nivel inmediatamente anterior. En función dos resultados obtidos nas probas de avaliación as medidas adoptar serán:

- Probas resoltas satisfactoriamente: afianzamos os contidos lembrados correctamente e avanzamos aos contidos do novo nivel.

- Probas resoltas non satisfactoriamente: invertimos as sesións necesarias para reforzar os contidos anteriores e, posteriormente, establecemos continuidade cos novos contidos. - Probas non resoltas por descoñecemento dos contidos: é o caso de alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo que, ou non recibiu aprendizaxe nunha parte da materia ou na totalidade dela. Comezamos o traballo continuado para unha aprendizaxe dos contidos principais e básicos que lle permitirán acadar os seguintes. A aprendizaxe dáse de xeito progresivo intentando achegarse ao nivel propiamente do curso.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	25	25	25	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Os CA da presente PD son avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

- 1º trim.: UD1 100%.
- 2º trim.: UD2 100%, UD3 100%
- 3º trim.: UD4 100%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

. Cualificación acadada no 3º trimestre.

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s

### Criterios de recuperación:

Dado o carácter cíclico dos contidos e ao tratarse dunha avaliación continua, a recuperación dun trimestre suspenso na materia recupérase de xeito automático coa superación do seguinte trimestre.

O alumnado que cuxas ausencias ás clases coincidan con algunha proba diaria de avaliación continua trimestral ou final poderá ser avaliado tendo en conta as probas realizadas os días de asistencia ás clases.

## 6. Medidas de atención á diversidade

- Ordinarias (reforzo educativo na aula por parte da mestra ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, e fomento da naturalización da situación no grupo-clase e a inclusión da alumna ou alumno no grupo).
- Extraordinarias (coordinación co departamento de Orientación).

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X



	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X

**Observacións:**

Os elementos transversais trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a audicións musicais ou concertos.	Agrupacións de música tradicional ou de música clásica, no centro.	X	X	X

**Observacións:**

Poderán desenvolverse actividades musicais complementarias en función dos contidos e das necesidades do grupo-clase sempre e cando as actividades sirvan para complementar o tratamento dos contidos na aula que nese momento se están a traballar e de cara a conseguir unha mellor interiorización dos mesmos por parte do alumnado.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Existe coherencia entre obxectivos e contidos.
A temporalización e a secuenciación foron as correctas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
O material empregado foi axeitado.

Medidas de atención á diversidade
Espertou o interese do alumnado.
Empregáronse actividades axeitadas.
A aprendizaxe do alumnado foi satisfactoria.
Clima de traballo na aula
Que actividades deberían ser modificadas/ substituídas /eliminadas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Xurdiu algún problema non previsto.

**Descrición:**

A programación didáctica, dada a súa flexibilidade para adecuarse a o momento do real do curso, poderá ser modificada en función das necesidades de cada grupo-clase, dos resultados académicos, das circunstancias e/ ou para incluír propostas de mellora. Pode ser necesaria unha nova selección dos contidos a tratar en función das dificultades ou da temporalización ou variacións nas actividades propostas inicialmente, entre outras. Asimesmo, realizarase unha autoavaliación da propia práctica docente.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Ao longo de todo o curso, a programación didáctica está en continua avaliación. Revisase periodicamente para poder realizar as modificacións necesarias en función dos resultados académicos para conseguir melloras. Os mecanismos de revisión da programación didáctica son a comprobación da implementación da programación en relación ao tratamento dos contidos e á temporalización dos mesmos segundo o calendario escolar.

**9. Outros apartados**